



NORMATIVA DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2026 CONCELLO DE ARES

Todas as cuestións relacionadas co funcionamento das actividades/escolas (suxestións, queixas...) tramitaranse directamente cos/cas responsables Técnica/os Municipais da área correspondente

Procurarase garantir ao máximo a asistencia, comunicando sempre á/ao monitor/a calquera ausencia prevista.

As/os usuarios/as do Ximnasio Municipal disporán dun carné que permitirá o acceso á sala e que se amosará na conserxería do Pavillón antes do acceso ao recinto. O ximnasio abrirá as súas portas de 8,30 a 13 polas mañás e de 16 a 22h polo serán.

O abono das mensualidades efectuarase por domiciliación ou transferencia bancaria (os recibos emitiranse entre o 5 e o 10 de cada mes) na conta que se indicará unha vez sexa confirmada a praza e a actividade.

As persoas que non renoven o seu pagamento no prazo disposto causarán baixa de forma automática na Escola. Do mesmo xeito, ante a decisión de baixa nunha escola/actividade haberá que comunicalo no Pavillón Deportivo Municipal antes do día 25 do mes en curso, para evitar problemas ca xestión dos pagamentos. Por esa razón, as devolucións dos recibos supoñen un custe que será aboado polo/a usuario/a que o xenerara.

Cada persoa solicitante terá dereito a unha praza na primeira das actividades indicadas na solicitude e quedará en reserva para as seguintes, agás no caso de que queden prazas vacantes. Nese suposto, poderá acceder a elas segundo a orde de inscrición. Deste xeito, cada persoa solicitante poderá participar nun máximo de tres actividades por curso. As persoas que non obteñan praza na primeira actividade solicitada poderán acceder ás seguintes, de acordo coa orde de preferencia indicada na solicitude

Aqueles usuarios/as que manteñan algún tipo de débeda no pago dalgunha escola/actividade do curso anterior, deberán efectuar o seu pago. O incumprimento desta norma anula o dereito a inscrición na presente edición.

As actividades deportivas desenvolveranse do 1 de setembro de 2026 ao 30 de xuño de 2027 e só interrompirán o seu funcionamento as datas festivas locais ou nacionais.





É responsabilidade de cada usuario/a dispoñer da aptitude física e destrezas necesarias para participar nas actividades/escolas convocadas, polo que o Concello de Ares non se fará cargo de ningún dano físico ou moral que poida derivarse da participación nas mesmas.

O Concello resérvase o dereito de anular unha actividade/escola por non ter o número suficiente de participantes (estímase en 10 o número de mínimo de inscritos/as para que dea comezo e/ou continúe unha escola /actividade) e de facer todas as modificacións que estime oportunas, para o bo funcionamento das mesmas.

Para máis información e inscricións, podes consultar o apartado dedicado ás actividades municipais deportivas en www.concellodeares.gal ou contactar a través do correo electrónico: deportes@concellodeares.com.

